

## ANUNCIO

O Sr. Alcalde en funcións o día 14-06-2024, ditou a resolución con número 401/2024 que deseguido se transcribe:

### “RESOLUCIÓN

### ASUNTO: HORARIO DE VERÁN CONCELLO DE MELIDE 2024

**EXPEDIENTE:**2024/G003/000429

### **ANTECEDENTES:**

Logo de ver a aprobación inicial do orzamento do exercicio 2020 que tivo lugar na sesión plenaria do 26.11.2019 cuxo punto 2º leva por rúbrica: “ DITAME SOBRE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2020, LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO E CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE MELIDE” , aprobación inicial que se elevou a definitiva mediante a publicación no BOP Nº247 de data 30 de decembro de 2019.

Logo de ver que no anexo sobre o cadro de persoal constan as directrices sobre a xornada e calendario laboral dos/as traballadores/as do concello de Melide, que a día de hoxe non foron modificadas nas que se establece:

(...) “Tipos de xornada laboral:

*As xornadas laberais do persoal incluído no ámbito de aplicación das presentes directrices poderán ser dos seguintes tipos:*

- 1. Xornada ordinaria: a duración máxima da xornada de Traballo será de trinta e sete horas e trinta minutos semanais.*
- 2. Xornada de verán: durante o período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de setembro. ambos incluídos. establecerase unha xornada de traballo distinta á ordinaria, cuxa duración será determinada por Decreto de Alcaldía (...)”.*

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Determinar o seguinte horario laboral de verán 2024 dende o 16 de xuño de 2024 até o día 15 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos:

De luns a venres: de 8:30 a 14:30

**SEGUNDO:** Comunicar este acordo aos representantes dos traballadores e publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios deste Concello.

Ordeno e asino en Melide, venres 14 de xuño de 2024. Asdo: O alcalde en funcións / Xesús Pereira López. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.”

-----

O que se publica para xeral coñecemento

Melide, venres 14 de xuño de 2024. Asdo: O alcalde en funcións / Xesús Pereira López.